Biblioteca escolar · Concreción anual do Plan de biblioteca e do PLEA · Curso 2026/27

Extracto da Programación xeral anual 2026/27 do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela (obxectivo OB-PXA7, medida 12 e apartado 2.6), aprobada polo Claustro e polo Consello Escolar.

1. Obxectivo específico da PXA

OB-PXA7. Consolidar a biblioteca escolar como centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe, de acordo coa Resolución do 1 de setembro de 2026 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e preparar a súa incorporación ao Plan de mellora de bibliotecas escolares (Plambe).

2. Medida da PXA

12. Desenvolver a concreción anual do Plan de Biblioteca e do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA) recollida no apartado 2.6, coa asignación dunha partida específica para a biblioteca dentro do orzamento de funcionamento do centro e a constitución dun equipo de biblioteca interdisciplinario, coordinado pola persoa responsable da biblioteca, integrada na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

3. Apartado 2.6 Concreción anual do Plan de Biblioteca e do PLEA. Curso 2026/27

Contextualización. A biblioteca do centro permanece aberta de 16:00 a 21:00 h e xestiona a súa colección con Koha-Bescolares desde hai varios cursos. Presenta necesidades de reorganización dos fondos (andeis e partituras da vitrina), de sinalización e de distribución do espazo, que se abordarán mediante un grupo de traballo do profesorado solicitado para este curso. A biblioteca é o recurso de referencia para as actuacións do PLEA en materia de lectura, escritura e acceso á información.

Obxectivos específicos

1. Organizar a colección coa CDU (clase 78, música) e completar o catálogo en Koha-Bescolares, incluídas as partituras da vitrina.

2. Reorganizar e sinalizar o espazo da biblioteca para facelo accesible e útil para a consulta, a lectura, o traballo en grupo e a audición.

3. Fomentar a lectura e a mediación lectora: club de lectura, boletíns e guías de lectura, lecturas compartidas nas materias colectivas.

4. Desenvolver a formación de persoas usuarias e a alfabetización mediática e informacional: sesións de acollida, busca de partituras e fontes fiables, un proxecto interdisciplinario coordinado desde a biblioteca.

5. Abrir a biblioteca á comunidade educativa: actividades de extensión cultural (audicións comentadas, encontros, exposicións), participación das familias e grupo de alumnado voluntario.

6. Avaliar o funcionamento da biblioteca con indicadores e preparar a solicitude de incorporación ao Plambe na convocatoria 2027/28.

Accións e temporización

Trimestre	Accións
1.º	Solicitude do programa Clubs de lectura. Constitución do equipo de biblioteca e horario de atención. Diagnóstico da colección e do espazo; autoavaliación e expurgación. Solicitude de mobiliario á Consellería (outubro). Sesións de acollida para o alumnado de novo ingreso. Primeiro boletín de novidades.
2.º	Catalogación e sinaturas das partituras; reorganización dos andeis e sinalización. Proxecto interdisciplinario coordinado desde a biblioteca (Xacobeo 2027 e o Códice Calixtino; compositoras galegas) con sesións de traballo coa información. Club de lectura. Audicións comentadas. Guía de lectura e exposición sobre a muller na música, en coordinación coa medida 11.
3.º	Distribución definitiva do espazo e guía de persoas usuarias. Día das Letras Galegas 2027. Actividade de lectura coas familias. Avaliación final, memoria e propostas de mellora. Presentación do proxecto ao Concurso de Traballo por Proxectos. Documentación e aprobación polo Claustro e o Consello

	Escolar da solicitude de incorporación ao Plambe.

Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información. Durante o curso 2026/27 elaborarase o PLEA do centro (designación da persoa coordinadora, análise de partida, redacción, presentación ao Claustro e aprobación polo Consello Escolar) para a súa incorporación ao proxecto educativo. As actuacións de lectura, escritura e tratamento da información previstas para este curso son as recollidas nos obxectivos 3 e 4, e o profesorado reflectiraas nas súas programacións didácticas.

Indicadores de logro. Porcentaxe da colección catalogada e etiquetada; número de partituras incorporadas ao catálogo; préstamos por trimestre segundo os informes de Koha-Bescolares; número de sesións de formación de persoas usuarias e de alumnado participante; número de actividades de dinamización e de asistentes; número de familias participantes e de alumnado voluntario; grao de satisfacción das persoas usuarias.

Seguimento e avaliación. Seguimento trimestral polo equipo de biblioteca, con informe á Comisión de Coordinación Pedagóxica e ao Claustro coincidindo coas avaliacións da programación xeral anual (apartado 2.5). Cuestionarios inicial e final ao alumnado e ao profesorado. Memoria final da biblioteca en xuño con propostas de mellora para o curso 2027/28.

Difusión. Sección da biblioteca na web do centro, coa ligazón ao catálogo en liña (OPAC); boletín periódico de novidades e recomendacións; taboleiro da biblioteca e redes sociais do centro, coa utilización dos logotipos das Bibliotecas Escolares de Galicia.